

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ACORDA A TRAMITACIÓN URXENTE DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE BAREMACIÓN DO MES DE DECEMBRO E SE ESTABLECE O PRAZO DE SUBSANACIÓN, RECLAMACIÓNS E MATRÍCULA, NAS ESCOLAS INFANTÍS DE GALICIA

De conformidade co previsto no artigo 20 do Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: << As novas solicitudes presentadas nos prazos extraordinarios dos meses de setembro e decembro serán tramitadas e baremadas polo Consello Escolar para a súa inclusión na listaxe da agarda na próxima baremación que realice ou para a súa incorporación á escola de non existir listaxe de agarda.>>

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece, o procedemento de tramitación de urxencia cando concorran razóns de interese público que aconsellen a súa adopción.

Para que a incorporación á escola daquelas crianzas que sexan baremadas neste proceso extraordinario non se alongue no tempo con respecto ao resto das crianzas usuarias que xa iniciaron o curso e se garanta así o correcto período de adaptación e o inicio das actividades cotiás da escola con normalidade, a tramitación do dito proceso realizarase polo trámite de urxencia.

En consecuencia, unha vez rematado o prazo de recepción de solicitudes o día 30 de novembro de 2016 e de conformidade co previsto anteriormente, RESOLVO:

1. A tramitación urxente do proceso de baremación extraordinario do mes de decembro de 2016 das Escolas Infantís de Galicia, xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Establecer os seguintes prazos para o proceso extraordinario de admisión de crianzas usuarias do mes de decembro:
 - a. Prazo de emenda de solicitudes: do 1 ao 9 de decembro ambos os dous incluídos.
 - b. Publicación das listas provisionais de persoas admitidas e de agarda: 21 de decembro.
 - c. Prazo de reclamacións: do 22 ao 31 de decembro ambos os dous incluídos.
 - d. Publicación das listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas: 18 de xaneiro.
 - e. Prazo de matrícula: do 19 ao 31 de xaneiro ambos os dous incluídos.
 - f. Incorporación á escola das crianzas matriculadas: 1 de febreiro de 2017.
3. Publicar a presente resolución na web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

O Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar



Perfecto Rodríguez Muíños